

# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

## **LECTURA COMPRENSIVA E EXPRESIÓN ESCRITA**

### **2º de ESO**

**DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**

**IES SANXENXO 2019 - 2020**

**DATA: 12 de maio de 2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do **terceiro trimestre do curso académico 2019/20**, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	<b>3</b>
<b>2. Avaliación e cualificación</b>	<b>4</b>
<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre</b>	<b>5</b>
<b>4. Información e publicidade</b>	<b>7</b>

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

En relación coa programación aprobada para o curso 2019-2020, que inclúe obxectivos, unidades, contidos, criterios de avaliación, estándares, competencias e instrumentos de avaliación, **sublíñanse de cor os mínimos imprescindibles e tamén as modificacións ou adaptacións**, se é o caso.

<b>B2.1.1.</b> Identifica la idea principal y las ideas secundarias y estableciendo relaciones entre ellas.
<b>B2.1.2.</b> Entiende instrucciones escritas de cierta complejidad que le permiten desenvolverse en situaciones de la vida cotidiana y en los procesos de aprendizaje.
<b>B2.1.3.1.</b> Interpreta mapas temáticos, conceptuales y esquemas numéricos sencillos y también los elabora y presenta con limpieza y caligrafía apropiada.
<b>B2.1.3.2.</b> Interpreta, explica y deduce la información dada en gráficas, fotografías, etc.
<b>B2.2.1.1.</b> Utiliza, en la medida de lo posible, diccionarios, enciclopedias y diferentes fuentes de documentación en formato impreso y electrónico.
<b>B2.2.1.2.</b> Utiliza progresivamente de forma autónoma el procesador de textos y correctores ortográficos electrónicos.
<b>B2.2.1.3.</b> Realiza creaciones impresas y/o en formato digital.
<b>B2.2.1.4.</b> Utiliza, en la medida de lo posible, otros recursos tecnológicos en su aprendizaje académico.
<b>B2.2.1.5</b> Integra los conocimientos adquiridos en sus discursos.
<b>B2.2.2.</b> Conoce y maneja, en la medida de lo posible, diccionarios impresos o en formato digital.
<b>B2.2.3.1.</b> Conoce, en la medida de lo posible, el funcionamiento de bibliotecas digitales.
<b>B2.2.3.2.</b> Solicita autónomamente libros y documentos diversos de las bibliotecas.
<b>B2.3.1.1.</b> Elabora y planifica los textos escritos por fases: obtención de información, organización de la misma en un esquema, redacción de un borrador, revisión y redacción final.
<b>B2.3.1.2.</b> Redacta borradores de escritura.

## **2. Avaliación e cualificación**

*Instrumentos de avaliación* (V. 4 Ferramentas de traballo, procedementos e instrumentos de avaliación).

### *Cráterios de cualificación*

A avaliación e cualificación do alumnado realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020 e os estándares, competencias e mínimos imprescindibles citados anteriormente para cada nivel.

### *Cualificación final de xuño*

En xuño, unha vez realizadas as actividades de repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación, a cualificación final é a suma das notas da primeira e da segunda avaliacións dividida entre dúas. Respecto a avaliación das outras competencias, a súa cualificación final será a media das puntuacións obtidas en cada unha das avaliacións coa ponderación sinalada.

A entrega en prazo e realización correcta de actividades de repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación que se desenvolvan durante o terceiro trimestre poderán sumar ata 1 punto sobre 10 na mellora da cualificación final de xuño.

A entrega en prazo e realización correcta, total ou en parte, de actividades de repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación que se desenvolvan durante o terceiro trimestre, permitirán o aprobado da materia cun 5.

### *Convocatoria de setembro*

Para o alumnado que non supere a materia en xuño, a efectos de avaliación e cualificación na convocatoria extraordinaria de setembro os termos son os mesmos plantexados para xuño. A entrega e realización correcta, total ou en parte, de actividades de repaso e reforzo

que se desenvolverón durante o terceiro trimestre e/ou con estrutura semellante permitirán o aprobado da materia cun 5. Se fose preciso e posible, excepcionalmente, de forma presencial e nas condicións que se sinalen no seu momento e se é o caso.

### ***Avaliación do alumnado coa materia pendente***

A efectos de superación da materia pendente de cursos anteriores, non se realizará proba presencial do alumnado coa materia pendente. A realización dunha serie de actividades do temario da materia, que o alumnado achegará por correo ao Departamento de Lingua Castelá e Literatura dentro dos prazos previstos para as convocatorias extraordinarias de maio e setembro, permitirá o aprobado da materia pendente cun 5. A data de entrega final e instrucións comunicárase co tempo suficiente polas canles e ferramentas de comunicación co alumnado e as familias sinaladas neste documento.

### **3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre**

***Marco xeral*** e dacordo coas instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa as actividades que se desenvolvan durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020 prestará especial atención a:

#### ***Ferramentas de comunicación e actividades de seguimento***

Para a identificación do alumnado que carece de medios de conexión dixital e, en virtude da súa autonomía organizativa e de xestión, facilitarase o uso de distintos tipos de dispositivos adecuados para a atención educativa ao alumnado e as familias a distancia

*Co alumnado:* v. correo do profesorado da materia e correo do alumnado, conversación telefónica e videoconferencia, se é o caso.

*Coas familias:* mensaxería do Espazo Abalar, correo do profesorado da materia, conversación telefónica e videoconferencia, se é o caso.

#### ***Ferramentas de traballo, procedementos e instrumentos de avaliación***

Na posta a disposición do alumnado dos recursos e ferramentas adecuadas para permitir que o alumnado obteña o maior proveito da metodoloxía non presencial que necesiten para o desenvolvemento das súas actividades a distancia farase uso de web do centro, dos correos electrónicos para a achega de comunicacións e envío de traballos de xeito recíproco entre o alumnado e o profesorado.

Nestas circunstancias excepcionais na elaboración de actividades os instrumentos de avaliación (ver detalle para cada estándar de aprendizaxe na programación por niveis e bloques en documento de principio de curso) que requiran a presenza física serán cambiados ou adaptados, se é o caso, por outros acordos á ensinanza a distancia, con especial atención a interacción virtual.

### ***Seguimento e coordinación das actividades***

As incidencias no establecido para programación para o trimestre son causa do estado de alarma polo Covid-19 e da suspensión de clases presenciais. As actividades son elaboradas pola profesora da materia para o alumnado en xeral e especificamente para ao alumnado con adaptacións curriculares en coordinación co profesorado de apoio. As actividades son públicas (v. 4. Información e publicidade) e comunicadas ao alumnado e ás familias polos medios sinalados neste documento (v. Ferramentas de comunicación e actividades de seguimento).

### ***Deseño de actividades e temporalización***

O deseño das actividades do terceiro trimestre son de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación teñen en consideración as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso coas modificacións e adaptacións da programación de aula do profesorado no seu momento e en base aos estándares e competencias imprescindibles recollidos nesta adaptación.

2 ESO	UNIDADES
Primer trimestre	1 – 2
Segundo trimestre	3 – 4

Na elaboración de actividades de comprensión lectora e de construción de textos propios seguiranse as directrices expostas anteriormente na clase, a diferenciación entre ideas principais e secundarias, así como a identificación da estrutura dun texto e o manexo da información (dedución, busca e selección, creación, vocabulario). Trátase de manter o ritmo de traballo e o contacto continuo co alumnado para resolver calquera cuestión ou dificultade, tamén é interesante mandar as tarefas de maneira que non se faga imprescindible o uso continuo das redes de maneira que o alumno descargue as actividades e poida logo traballar. O alumnado con adaptacións ou reforzos deben seguir na medida de posible o seu itinerario curricular co control e en coordinación do profesorado de apoio, se é o caso. As actividades, coas instrucións e recursos para a súa realización, pódense consultar en liña ou descargar ou son enviadas por correo, se é o caso.

#### **4. Información e publicidade**

Este departamento dará a coñecer ao alumnado e ao resto da comunidade educativa os criterios e procedementos establecidos na adaptación da programación didáctica así como o seguimento das actividades por parte do profesorado da materia a través da web do centro <https://www.edu.xunta.gal/centros/iessanxenxo/> e os medios de comunicación citados para co alumnado e as familias.

Nos aspectos restantes da materia de Lectura Comprensiva e Expresión Escrita, a programación suxéitase ao establecido no documento anual aprobado ao inicio de curso e coas modificacións agora aquí recollidas.

Sanxenxo, 12 de maio de 2020

Profesora: Ana Isabel López Pérez

Xefatura do Departamento: Ricardo de la Torre Rodríguez